

EXEMPLO DE COMENTARIO DE POESÍA CONTEMPORÁNEA

(...)

ben o sei ben sei eu todo
que para eu aprender este ladrado
á fin fixeron falla
mil mulleres lavando a reo no río de Saá
e mil arando e dúas mil cosendo e cinco mil
apañando cozas e garabullos no medio do monte e Ti
sobre todo ti plantando pinos nun serragoto inmenso
desaprendendo canto es
esfuracando as túas dúbidas.

Querida mamá: estou aprendendo a ladrar.
alguén me ve abríndome a queixada ata que a fendo e digo xa
xa ladro ou coma o can non non
coma Camille Claudel coma Camille Claudel coma Camille Claudel
coma Camille mamá no mármore
coma Camille
coma Walt Whitman Walter Benjamin vou mamá
vou deica ti
vou eu vou
outa outa Ouh...

Olga Novo, *A cousa vermella*

Dipoñémonos a comentar un fragmento dun poema de Olga Novo, da súa obra *A cousa vermella*. Olga Novo, premio nacional de poesía en 2020, é unha das poetas máis recoñecidas da literatura galega actual e forma parte, xunto con Lupe Gómez ou Yolanda Castaño, das voces femininas que se incorporaron á poesía galega a partir da década dos 90.

A nivel formal este texto caracterízase, como moitos deste último período da literatura galega, polo versolibrismo. Hai dúas estrofas, de distinto número de versos, e estes ofrecen un cómputo silábico irregular. No tocante á rima, non hai, mais si hai un forte ritmo, marcado polas repeticións, sobre todo na segunda estrofa.

A nivel de recursos estilísticos, ademais das anáforas (“coma” nos versos 13-15 ou “vou” nos 16,17), atopamos antíteses (“eu / ti” nos versos 2 e 6) e imaxes, como a de abrir a queixada para poder ladrar (verso 11). Tamén atopamos referencias culturalistas, propias da literatura a partir de 1976: a referencia á escultora Camille Claudet ou o escritor Walt Whitman.

No contido, o poema é unha composición de profundo amor á nai. Este sentimento aparece referido a través do respecto polas ensinanzas maternas, da que o “ladrado” sería a metáfora da capacidade de anticipar, de defender a casa: da aprendizaxe da filla no intento difícil por achegarse ás ensinanzas da nai.

Como xa dixemos, este texto é un exemplo da poesía feminina das últimas décadas, tanto na forma como, sobre todo, na temática: feminina, feminista, centrada no mundo das mulleres (lavar, coser, apañar garabullos, plantar...), dunha maneira consciente e orgullosa.